
Presentación do catálogo da mostra «Cuestión de tempo»

L. PENIDE PONTEVEDRA / LA VOZ

Este martes, a presidenta da Deputación de Pontevedra fixo entrega ao artista Román Corbato do catálogo da exposición *Cuestión de tempo*. «É unha marabilla, como foi a mostra, unha sorpresa en si mesmo, comezando pola portada e a contraportada que obrigan a entrar e descubrir a marabillosa obra de Corbato e todo o que está aportando á arte e á cultura», destacou Carmela Silva.

Pola súa banda, Román Corbato destacou que a obra, deseñada por Miguel Lomba, «busca incitar a que se abra» e está estruturado en tres partes xogando «coa propia idea de construción das pezas da mostra». O prologo corre a cargo de Ignacio Barcia, docente e exdecano da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, cualificado «como outra obra máis da exposición».